



PROCEDEMENTO DA XUNTA DE GALICIA: MR701E
Nº de Expediente da AGADER: PM24-0133

EXPTE. CONCELLO SUBVENCIÓN: 1539/2024

EXPTE. CONCELLO CONTRATACIÓN: 26/2024 (4792/2024)

OBRA: “MELLORA DO VIAL MUNICIPAL ENTRE GONDARIÑO E CARBALLO (VILALONGA)”

ASUNTO: MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE E IDONEIDADE DO CONTRATO

En febreiro de 2024 foi asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, Colexiado nº 16.225, Francisco Javier Carballo Núñez, o proxecto técnico para a execución das obras denominadas “MELLORA DO VIAL MUNICIPAL ENTRE GONDARIÑO E CARBALLO (VILALONGA)”, cun orzamento de licitación de 63.581,81 euros, IVE incluído e un prazo de execución de un mes.

As obras incluídas neste proxecto consisten na mellora da pavimentación do camiño municipal que discorre entre os lugares de Gondariño e Carballo, discorrendo a totalidade do tramo pola parroquia de Vilalonga, pertencente ao termo municipal de Sanxenxo.

A mellora das condicións deste camiño permitirá facilitar o acceso a diversas parcelas agrícolas situadas nas súas marxes.

O camiño atópase na actualidade pavimentado con mestura bituminosa en quente, atopándose a capa de rodadura nun estado de conservación deficiente, urxindo a súa reparación mediante a reposición completa da mesma. A lonxitude total do vial é de 1.002,00 metros e o ancho da súa plataforma é duns 4,30 metros de media, presentando algúns tramos bastante angostos, polo que serán obxecto de ensanche. Ademais, existe unha zona puntual do trazado, coincidindo coa intersección do camiño con outro vial municipal procedente de terreo forestal, na que as augas que descenden libremente por este último viario chegan á calzada do camiño para pavimentar e crúzana transversalmente, provocando importantes arrastres e consecuentes danos no pavimento. Para solucionalo prevese canalizar as augas procedentes do vial transversal nunha lonxitude de 10 metros cunha cuneta revestida de formigón, que recollerá e conducirá as augas a unha arqueta de rexistro que se situará na marxe esquerda do camiño para pavimentar. Desde esta arqueta habilitarase un cruzamento de calzada mediante a colocación en gabia dunha tubaxe de PVC de 315 mm de diámetro, que verterá as augas á canle





existente na marxe oposta do camiño. Deste xeito prevese canalizar adecuadamente o caudal de auga procedente do terreo forestal e evitar danos sobre o vial.

Para rematar as actuacións, levarase a cabo o pintado de sinalización horizontal, a colocación de sinais verticais de stop e o recrecido das tapas de rexistro afectadas polas obras de pavimentación da calzada.

Coas actuacións descritas preténdese mellorar o servizo ofrecido por esta infraestrutura aos seus usuarios, pois se trata dun camiño cun relevante nivel de uso.

Este proxecto técnico serviu de base para a solicitude de subvención á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), axuda correspondente ao Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025 cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) ao abeiro do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) 2014-2020 (DOG núm. 18, do 25 de xaneiro de 2024).

O 8 de maio de 2024 ten entrada no rexistro xeral do Concello de Sanxenxo co número 2024-E-RC-4058 a resolución da Directora Xeral da Agader da concesión da subvención para o financiamento das obras. A contía da subvención é de 53.703,97€, que se desagrega en: 52.546,95 euros para a execución da obra civil e 1.157,02€ correspondente ao control de calidade, subvención que se distribúe en dúas anualidades: 2024 cunha achega de 26.163,50 euros (48,718%) e 2025 cunha achega de 27.540,47 € (51,282%). O Concello financia o IVE que non é un concepto subvencionable: 11.034,63 € correspondentes ao IVE da obra civil e 242,98€ correspondentes ao IVE do servizo de control de calidade da actuación.

Á vista da concesión da subvención foi efectuada a xeración do crédito no orzamento de gastos da Entidade Local e a estes efectos é incorporado no expediente o documento contable "MC" nº de operación 13172 do 14 de xuño de 2024 polo importe de 26.163,50€, correspondente á anualidade 2024. Efectuada a xeración do crédito concedido para o exercicio 2024, efectúase unha retención global do crédito da subvención antes indicado e o crédito da achega municipal (o IVE global polas dúas anualidades, tanto da obra civil, como do control de calidade) na aplicación orzamentaria 45301 / 60100 outros investimentos en infraestruturas, incorporándose o documento contable RC nº 13173 do 14 de xuño de 2024 importe 37.441,33€, e o informe de provisorio de control financeiro de data 17 de xuño de 2024 do interventor xeral.

Mediante resolución da alcaldía de data 25 de setembro de 2024 foi aprobado o proxecto técnico das obras, previo outorgamento da autorización do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, tendo en conta que o inicio da vía sitúase na zona afectada e finalmente conecta coa estrada provincial EP-9206 (Portonovo – A Vichona); e previa emisión preceptiva dos informes de





viabilidade urbanística, técnico e xurídico, emitidos en senso favorable ás obras proxectadas.

Comprobada a realidade xeométrica das obras, así como a dispoñibilidade dos terreos de titularidade municipal para levar a cabo a execución dos traballos proxectados, dado que non resulta necesaria a dispoñibilidade de terreos privados lindeiros coa actuación proposta, é asinada o 25 de setembro de 2024 acta de replanteo, en aras do disposto no artigo 236 da lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP).

Á vista dos antecedentes expostos e o obxecto da obra enunciada enténdese xustificada a finalidade e necesidade do contrato, co que se pretende mellorar os viais rurais do municipio, cumprindo pois coa finalidade da subvención concedida.

Resulta idóneo á vista do seu valor estimado (52.546,95€, inferior a 80.000€) e das características e natureza das obras, acudir ao procedemento ordinario de adxudicación “aberto simplificado” regulado no artigo 159.6 da LCSP.

Todo o que se fai constar aos efectos do artigo 28.1 da LCSP, debéndose incorporar a presente memoria no expediente de contratación.

En Sanxenxo,
O alcalde, Telmo Martín González

(documento con sinatura electrónica)

